



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE A EP-3102 TOMIÑO-SABARÍS E A PO-344 AO SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SEIXO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño-Sabarís e a PO-344 ao seu paso polo núcleo urbano de Seixo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño consiste basicamente na mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño-Sabarís e a PO-





344 ao seu paso polo núcleo urbano de Seixo. A actuación de mellora, resolve os problemas de tráfico da PO-344 no núcleo urbano, resolve o acceso da futura vía de alta capacidade co núcleo de Tomiño e converte a travesía autonómica en vía urbana.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 7 de abril de 2017

